

Camilo Franco

Medicarse para a ficción

A memoria é importante: hai quen se medica para non perdela. Para os científicos que antes eran marxistas científicos e agora son científicos rusos, a memoria é un aparato ficcional que cobre as ausencias acomodando entre o lembrado anacos de invención coherente. Os psiquiatras dalgunhas escolas europeas consideran a memoria unha substancia que actúa con intelixencia descoñecida e salienta ou esconde en función dun método aínda por definir. Para os melancólicos, ego e memoria estréitanse ata os límites dunha confusión que quere cambiar o centro de gravidade do mundo. Para alguén que coñecín mentres tentaba estudar, a memoria era un asunto electroquímico, pero agora non lembro como era.

O negocio é que o pasado está agora na primeira liña de praia da escrita en Galicia. Non é a primeira vez que sucede, pero hai temporadas que a literatura galega dedicada a lembrar ten unha pésima memoria e xa esqueceu o que pasou nos oitenta. Desde unha perspectiva xeral, e mal mirado, case todo proceso de escrita ten algo de memorístico. En Galicia máis, en Galicia case todo é memoria. Hai meses en que, por descarte, parece que a literatura galega só ten pasado. Padecemos unha vocación rara de mirar constantemente atrás como se o presente e o porvir –que palabra– fosen materias desaparecidas en combates prosaicos. O matiz non sería importante de non entender a literatura como unha segregación social, unha decantación da percepción que, por pasiva, nos deixa eivados para o día a día e para o que virá. Na literatura do país case todo ten que pasar primeiro polo filtro da memoria, case todo ten que facer esa viaxe de arquivo e rescate na que se marca distancia, se perden detalles e, aparentemente, se gaña transcendencia. Un proceso literariamente paradoxal porque lles concede prioridade aos argumentos veteranos sobre os urxentes. Porque sinala que a subxectividade da memoria é máis importante que a subxectividade da razón. Porque suxire sen demasiadas matizacións que somos no pasado, que é outra forma de non ser. Que é outra forma de non ser aquí e non ser agora.

Tampouco lembro moi ben se había que facer literatura porque non conseguimos xusti-

za, pero esta indicación sinala outra dimensión da actividade literaria e aínda unha menos satisfactoria da política: os mortos galegos conseguirán literatura e memoria, pero xustiza parece que non vai ser posible. A redución, sen embargo, non procede da impotencia derivada do silencio consensuado, senón do feito de que entre literatura e política se estableceu un tópico pouco científico que dá por boa a idea de que, en Galicia, cando falamos de memoria, falamos dos arredores do 36, como se ese episodio histórico do país fose fundamental para nós e esa derrota tivese dereito a marcarnos máis que calquera cousa que esperemos do futuro, que calquera sucedido dun país que, como moito, só parece presumir de resistencia. Un país con máis mártires que heroes.

Pero agora estamos aquí e hai que supoñer que a guerra civil é historia e poderíamos deducir que a estas alturas da democracia española, da Unión Europea, do uso do móbil para quedar, de que teñamos que recorrer á literatura para definírnos como nación de Breogán, que é case tanto como non definírnos, os traballos sobre a represión franquista deberían ser máis cousa dos historiadores que dos escritores. Porque ou a guerra civil é historia ou é materia penal. Hai crimes que non prescriben así que a ver se, de vez, poñemos as cousas no seu sitio, lle damos a cada quen o merecido, levantamos a cabeza, sorteamos as curvas que veñan, poñemos a historia nas mans dos historiadores ou dos fiscais e buscamos para o resto un pouco máis de ficción.

**En Galicia case
todo é memoria.
Hai meses en
que, por descarte,
parece que a
literatura galega
só ten pasado**